



# A LIBERDADE DE EXPRESIÓN: máis aló dos titiriteiros

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

## **A liberdade de expresión: máis aló dos titiriteiros**

Diante dos feitos acontecidos nos últimos tempos (a entrada en vigor da chamada Lei Mordaza) e, nestes últimos días a lamentábel detención de dous titiriteiros por presunto enalteceamento do terrorismo) o STEG transmite o seu apoio ás persoas ou colectivos que facendo exercicio do seu dereito á liberdade de expresión, manifestan opinións, creacións artísticas e demais en relación ao seu criterio persoal e intransferíbel.

A restrición de dereitos e liberdades é unha tentación propia de persoas e de sistemas antidemocráticos, que confunden o exercicio da responsabilidade e do poder así como a súa visión da realidade, coa propia REALIDADE: que sempre é máis diversa, máis ampla, máis heteroxénea, inabarcábel, distinta e plural ca ese xeito de mirar dende os ollos do prexuízo, que só ve ameazas e perigos no distinto que o rodea, pero que non é quen de ver a devastación que provoca nos demais ese xeito túzaro de mirar.

A intolerancia, os prexuízos, as ideoloxías dogmáticas e certa ignorancia agochada baixo actitudes e condutas autoritarias son elementos recorrentes na historia das nacións e das persoas que as conforman cando os seus gobernos detraen liberdades e dereitos, tentando manipular os medios de comunicación, debilitando o tecido cultural e empobrecendo a escola pública, en favor dos seus intereses e ao abeiro dunha ideoloxía moi determinada: o fascismo, nas súas diferentes gradacións.

Neste contexto, o STEG considera de importancia capital o exercicio individual e colectivo da liberdade de expresión así como da denuncia crítica das inxustizas e dos abusos de calquera tipo sobre as persoas, colectivos ou institucións, ben sexa a través de creacións artísticas, manifestacións, concentracións, informacións xornalísticas e demais, conforme á independencia e o libre albedrío, promovendo o espírito crítico, a tolerancia, o respecto e a convivencia harmónica entre a cidadanía.

É moi posíbel que a actuación dos titiriteiros non fóra a adecuada para o público ao que lle tocaba escoitar ese día pero, unha vez dito isto, o STEG condea o suceso, lamentábel nun país democrático, e condea tamén a perigosa deriva que a nivel estatal e nacional vén collendo o Estado de Dereito, que progresivamente adica máis tempo e recursos á represión e á manipulación dos medios ca mellorar as condicións de vida da xente e garantir a mellora do noso sistema democrático.

Así mesmo, o STEG apoia todas as concentracións que se están a levar a cabo por todo o estado en defensa dos dereitos das persoas detidas e esixindo a súa libre absolución.

As persoas e a súa liberdade son un valor irrenunciábel e as autoridades deberan darlle unha volta a aquel vello conto, O traxe novo do emperador, onde o xerarca camiñaba en coiros polo seu reino, moi contento co seu novo traxe: o rei non ía elegante. Ía espido pero ninguén se atrevera a lle dicir nada.

Deberan tomar nota.

CPSN do STEG

10 de febreiro de 2016